

ACTA DO SEGUNDO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DUNHA VACANTE DE MONITOR DEPORTIVO-ADESTRADOR COORDINADOR, INCLUÍDA NA OEP DO CONCELLO DE CURTIS DO ANO 2020 PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Sendo as 09:00 horas do día 23 de setembro de 2021, reúnense nas oficinas municipais sitas en Curtis os membros que forman parte do Tribunal Cualificador designado por Resolución da Alcaldía núm. 554/2021 de data 31/08/21, como órgano competente do proceso selectivo enriba referido.

Constitúen dito Tribunal:

- Presidente: Luis Eugenio Mato Braña, monitor deportivo, persoal laboral fixo da administración local.
- Vogal: Mónica Gesto Nieto, administrativa funcionaria de carreira da administración local.
- Vogal: Ricardo Romero Pérez, técnico deportivo, persoal laboral fixo da administración local.
- Vogal: Celsa M^a Casas López, técnica persoal laboral fixo da administración local.
- Secretario: Óscar López Figueroa, administrativo funcionario de carreira da administración local.

Procédese á elaboración do segundo exercicio do proceso selectivo de acordo ao establecido pola base quinta do mesmo, isto é:

“3. A FASE DE OPOSICIÓN constará de dous exercicios, un tipo test e outro de desenvolvemento dun caso práctico, ambos de carácter obrigatorio e eliminatorio, sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatoria para os/as aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido.

A proba práctica consistirá do desenvolvemento dun suposto práctico proposto polo tribunal nun tempo máximo de dúas horas. O exame práctico terá unha puntuación máximo de 30 puntos, tendo que alcanzar 15 para entendela superado.”

Rematada a redacción do exame, procédese a súa impresión.

Únese á presente acta, como anexo I o texto do exame.

Sendo ás 09:28 horas, procédese ao chamamento dos aspirantes de acordo ao establecido polas bases, así coma a súa identificación por medio da presentación do DNI.

Realizado o chamamento, constan coma presentados e non presentados os seguintes aspirantes:

DNI	Apelidos e Nome	Presentado
*855F	Lorenzo Solla, Amando	SI
*742S	Peral López, Daniel	SI
*616V	Sánchez Díaz, Lucía	SI

Tras comunicar aos aspirantes os criterios de desenvolvemento e de avaliación do exercicio, e tras serlles entregados os exames, sendo ás 09:30 horas iniciase o tempo de exame cunha duración de 120 minutos.

Finalizado o prazo concedido para a realización do exame (120 minutos), e unha vez que todos os aspirantes entregaron ao Tribunal os seus exames, procédese á corrección dos mesmos, segundo os criterios de corrección establecidos previamente polo Tribunal, avaliando, ademais da correcta resolución dos supostos propostos, a formación xeral e académica, a claridade, a orde das ideas, a facilidade de exposición escrita, a capacidade de síntese e a linguaxe técnica.

Realizada a corrección dos exames, resultan as seguintes puntuacións:

DNI	Apelidos e Nome	Puntuación Suposto 1	Puntuación Suposto 2	Total
*855F	Lorenzo Solla, Amando	13,50	13,50	27
*742S	Peral López, Daniel	13,50	10,50	24
*616V	Sánchez Díaz, Lucía	12	12	24

Os aspirantes que superaron a segunda proba acreditaron con anterioridade estar en posesión do título de CELGA requirido nas bases, polo que quedan exentos da realización da proba de galego, de acordo co establecido na base quinta.

Procédese a elaborar un listaxe dos aspirantes que superaron o proceso selectivo, sumando as puntuacións da fase de oposición e de concurso, as cales serán definitivas mentres non se produza alegacións sobre as mesmas.

ORDE	DNI	Apelidos e Nome	1ª proba	2ª proba	Concurso	Nota final
1	*616V	Sánchez Díaz, Lucía	24,75	24	38,50	87,25
2	*855F	Lorenzo Solla, Amando	15,87	27	18,75	61,62
3	*742S	Peral López, Daniel	25	24	0	49,00

En virtude do anterior, e de acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais, e tendo en conta que, aínda que a fase de concurso atópase aínda en prazo de alegacións, as alteracións da mesma non suporían modificación do candidato con maior puntuación, este Tribunal propón a contratación, coma persoal laboral fixo, para o posto de monitor deportivo-adestrador coordinador, de dona Lucía Sánchez Díaz, con DNI *616V, así coma a formación dunha listaxe de contratación cos restantes aspirantes que superaron o proceso selectivo, de conformidade coa base décimo sétima das bases xerais.


A aspirante que obtivo a maior puntuación deberá aportar a documentación esixida nas bases no prazo de vinte días naturais.

Sendo as 11:20 horas, levántase a sesión, en Curtis, 23 de setembro de 2021.

O presidente



O secretario



Os vogais

